

Teresa Moure (Monforte de Lemo, 1969-)

Herba moura



Club de lectura, Biblioteca Ágora

Teresa Moure

Teresa Moure (Monforte de Lemos-)



Teresa Moure Pereiro é profesora de lingüística xeral na Universidade de Santiago de Compostela e autora das seguintes novelas: *A xeira das árbores* (2004), Premio Lueiro Rey 2004 e Premio San Clemente 2005; *Herba moura* (Xerais 2005), Premio Xerais de novela 2005, Premio Irmandade do libro á autora do ano 2005, Premio da Asociación de Escritores en lingua galega 2005, Premio Benito Soto á mellor novela do ano 2005 e Premio da crítica española 2005; *Benquerida Catástrofe* (Xerais, 2007); *A casa dos lucarios* (Xerais, 2007) e *A intervención* (Xerais 2010). Publicou ademais ensaios: *Outro idioma é posible* (2005), Premio Ramón Piñeiro de ensaio 2004; *A palabra das fillas de Eva* (2005), Premio da crítica de Galicia 2005, *O natural é político* (Xerais 2008), *Ecolingüística* (2011) e *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións* (2012), Premio Ramón Piñeiro de ensaio 2011. Obtivo o premio Rafael Dieste 2007 pola peza dramática *Unha primavera para Aldara* (2008, Xerais 2009), levada á escena por Teatro do Atlántico, e recoñecida co premio María Casares ao mellor texto 2009 e co Premio AELG 2009 a texto teatral. Tamén en teatro publicou *Cínicas* (2010). No eido do álbum ilustrado publicou dous textos dirixidos ás nais: *Eu tamén son fonte* (2008) e *Mamá, ti si que me entendes!* (2009), ilustrados por Leandro Lamas. Algunhas das súas novelas e ensaios foron traducidos a varias linguas. Para alén diso, a autora tira a forza para escribir das intervencións orais onde mostra o compromiso da súa obra co feminismo, coa ecoloxía e coa nación.

Ficha da autora na editorial xerais

<http://www.xerais.es/autores.php?tipo=autores&id=100012780>

Club de lectura, Biblioteca Ágora

Teresa Moure, la mujer de las palabras

Por Consuelo Bautista; retratos de Xurxo Lobato

En : El País: Reportajes : Gallegos en la escalera, 3 abril 2011

http://elpais.com/diario/2011/04/03/galicia/1301825901_850215.html



Teresa Moure es una mujer que cree en la utopía, la pulsión que hace que cada día se intente cambiar el mundo a mejor. Le encanta, asegura, poner todo patas arriba y volver a recomponerlo en un ímpetu transformador que parece acompañar toda su existencia. A eso se dedica desde que comenzó a escribir o quizás desde que comenzó a vivir porque la escritura, de forma pública o privada, siempre la acompañó y si ha tenido compañeras constantes en su existencia esas han sido las palabras. Tanto le interesaron las palabras que es doctora en lingüística. Entre Saussure y Chomsky exploró el lenguaje para concluir, con buen criterio, que los nombres que les ponemos a las cosas, la manera en la que las nombramos, son el hecho colectivo que nos hace más humanos.

Teresa ha estudiado a fondo el lenguaje, conoce el esperanto y vería bien la existencia de una lengua franca si eso no supusiera un peligro para la diversidad lingüística. Pero se alza contra la prepotencia arrogante del inglés, ese actor poderoso con el que nos dicen que hay que jugar queramos o no. Y cree en la capacidad transformadora de las lenguas y en su poder para abrir la mente y el corazón. Por todo eso y sobre todo porque es su ser, y cree que Galicia existe, escribe en gallego.

En esta sociedad en que hemos conseguido que las mujeres tengamos una cuota, Teresa Moure intenta no ser la escritora en gallego que toca en el cupo y en ese esfuerzo, como esfuerzo es siempre existir con autonomía, parece que no para de repetir aquello que repite una de las protagonistas de su novela *Herba Moura*: "E a partir de ahí Helene decide ser Helene". Helene decide ser Helene y Teresa decide ser Teresa tantas veces como sea necesario y se reinventa sin parar como el Orlando de Virginia Wolf. No es mujer de medias tintas nuestra Helene, ni nuestra Teresa. Si algo tiene claro es que la historia de las mujeres es la historia del sometimiento de la mitad de la humanidad y toma partido para deshacer la madeja en la que estamos enredadas. Restituir la dignidad de un grupo sometido desde una tierra sometida.

Pertenece como muchos de nosotros a una generación que es ahora la protagonista, la que o bien construye el futuro o renuncia a ello y deja que lo diseñen otros, quizás eso que llaman mercados. Ella no es de las que delegan y proclama sin sonrojo que hay otra forma de hacer las cosas. Es, como todos, producto de una sociedad presidida por el desarrollo tecnológico y sumergida en el debate sobre la forma en que afectan nuestros supuestos avances a la naturaleza. O natural é político, señala en uno de sus ensayos, una afirmación que cobra especial relevancia cuando una pequeñísima cantidad de cesio radioactivo procedente de Japón ha llegado a la Península tras el desastre de Fukushima.

Teresa Moure es además madre, de tres hijos, aún siendo de las que piensan que la maternidad no necesariamente tiene que ser destino inamovible de las mujeres. Proclama que ser madre es sin duda la tarea de su vida. Y como madre se mide cada día y, como todas, debe mirarse en el abismo de repetir lo antes repetido.

No parece Teresa una mujer que pase de largo ante lo que afecte a su "Galiza", a nosotras las mujeres o a otras minorías sometidas. Con voz dulce y pensamiento férreo parece dispuesta a desbordarse cada día para volver a empezar. Porque, asegura, "el pesimismo tiene algo de reaccionario y tengo la idea optimista de que la humanidad siempre acaba reaccionando".

PELDAÑOS

Teresa Moure. Monforte de Lemos, 1969.

Doctora en Lingüística y profesora en la Universidade de Santiago de Compostela.

*2004. Premio Lueiro Rey de novela corta y Premio Arzobispo San Clemente por la novela *A xeira das árbores*.*

*2005. Premio Ramón Piñeiro de Ensaio por *Outro idioma é posible*.*

*2007. Gana el Premio Xerais de novela, el premio AELG y el Premio de la Crítica de narrativa gallega por *Herba Moura*, luego traducida, y el Premio Rafael Dieste de teatro por su obra *Unha primavera para Aldara*.*

** Este artículo apareció en la edición impresa del Domingo, 3 de abril de 2011*

Herba Moura, de Teresa Moure

Por Cristina Corral Soilán

En : A Revolta : Magazine Cultural On-line, 7 julio 2014

<http://arevolta.net/2014/07/herba-moura/>

Mentres remexo con coidado a cunca que hoxe me fai compañía, deixo que suba paseniño polo meu nariz o vivo e fresco aroma de framboesa. Mestúrase co da roupa á que acabo de pasar o ferro e deixar no cesto. Cando se mesturan ambos cheiros, e como se dun acto reflexo se tratara non podo evitar pechar os ollos e sentirme na casa de Hèléne Hans agachada xunto as súas herbas e feitizos máxicos. Esta é sen dúbida a inevitable pegada que para sempre Teresa Moure deixou no meu subconsciente coa súa última obra, Herba Moura. De mulleres e paixóns, se é que aínda queda xente que sexa quen de diferenciar entre ámbalas dúas cousas, de iso trata Herba Moura. Paixón pola vida, polo amor, polo sexo, polo desexo, por mulleres e por homes, por fillos, por saber, por coñecer o pasado e por riba de todo, por sentir todo isto.

Moure escribe paseniño unha Biblia para meigas novas. Cada recuncho do texto é un pequeno escondriño no que se deitar a durmir para termos soños lixeiros, que voen sen ás, que acariñen sen mans e den de comer ás almas ademais de aos corpos.

Herba Moura garda entre as súas páxinas a vida de varias mulleres que se entrelazan nunha histórica viaxe dende a Holanda que rexenta a raíña Cristina de Suecia ata a Galicia contemporánea. Ademais das curvas do corpo e do destino, teñen en común unha fina ironía e unha densa sabedoría popular que impregna toda a obra e que fai que sexa imposible non sentir ganas de roubarlle os pensamentos a Moure.

Remedios de amor con moralexa e con sabios consellos que veñen de mulleres que non é que sexan de armas tomar como nos di Teresa, senón que son elas mesmas as armas, bicos que desexaríamos ter dado nós no canto delas, feitizos máxicos que nalgún intre da vida queredamos ter a man...

Polas páxinas de Herba Moura circula unha sorte de sangue de muller que desvela unha increíble historia a modo de carta, de receita, de poema... todos eles, textos de mulleres que son distintas pero que no fondo son unha mesma, a muller que todas temos dentro.

Entrevista a Teresa Moure, por Ramiro Torres

En : *Palavra Comum* [revista dixital]

<http://palavracomum.com/2015/11/26/entrevista-a-teresa-moure/>

“A literatura galega, desde o XIX, é un produto de resistencia contra-cultural”.

Que é para ti a literatura?

Uma forma de expresión artística sem alto investimento. Se tivesse dinheiro sería escultora; se tivesse aínda máis dinheiro preferiría dirixir filmes.... Também é uma forma de digerir a realidade, de suportar o sufrimento da existencia. Psico-análise de baixo custo. Vou vendo que o da economía tem bastante a ver com o meu pendor para a literatura...

Como entendes (e practicas, no teu caso) o proceso de creación literária -e artística, en xeral-?

Normalmente sabemos pouco do proceso de creación, onde intervêm, xunto ás propostas estéticas ou ideoloxías, também as feridas que arrastamos... Digamos que cando unha idea me persegue durante un tempo –una personaxe, unha historia–, cando aparece reiteradamente, torna para mim materia literária. E esa materia, obsesiva, à medida que a traballo com palabras, desdramatiza-se e visa conseguir a forma dum videoclip mental que despois só tenho que transcrever. A creación apenas consiste, portanto, em fazer uma massagem à idea. O interesante é que esse proceso serve para amaciar-me por dentro.

Qual consideras que é -ou podería ser- a relación entre a literatura e o outras artes?

Não distingo bem as caixas. Uma escultura conta unha historia. Um roteiro cinematográfico também. Ou, ao revés, un poema pode ser apenas una faísca, como una fotografía. A literatura é apenas una das formas de criar que temos ao noso dispor. Evidentemente, há persoas creativas que demostran o seu pulo artístico nas formas geométricas da sua horta ou na gastronomía que cozinham. O meu não são as caixas.

Que camiños (estéticos, de comunicación das obras à sociedade, etc.) estimas interesantes para a literatura, e quaisquer outras artes?

Despois de séculos de innovacións e ruturas, de fazermos tópico hoje o que ontem era ousado, todos os camiños están abertos. Cada vez que conseguimos estremecer outras persoas com o que fazemos estamos a experimentar un camiño que se abre como novo, que nunca transitáramos assim dantes. Cada ato creativo acontece performativamente: tem lugar num tempo e num espazo e dinamita tudo o anterior. Se não, não sería creativo.

Que opinión tens sobre o sistema literario galego a dia de hoje?

A literatura galega, de finais do século XIX até hoje, é um produto de resistência contracultural, um projeto coletivo que define o nós galego frente ao poder do espanhol. Por isso, embora a marginalização da língua nas estruturas de poder, a literatura galega tem-se revelado como original e poliédrica: pense-se na ferocidade de Blanco-Amor frente ao contexto da literatura realista espanhola do seu tempo ou, mais atrás, na radical modernidade de Rosalia de Castro frente ao Romantismo Hispano. A dia de hoje a literatura galega continua a ser, em boa medida, uma arma para a resistência, e para a dissidência. Nesse sentido, o principal perigo é o da castração. Se a língua não conquistar espaços sociais dinâmicos e reais, se não passar efetivamente à seguinte geração, o risco é vir a dar num território domesticado, que ocupe espaços educativos de formação –o género infantil e juvenil mais ou menos doutrinal, leituras para os liceus, com temas apropriados e pouca extensão–. Porém, entendo que o conjunto de escritores e escritoras temos ao nosso favor o facto de estarmos a nos identificar com uma língua desprestigiada, o que nos torna em ativistas sociais. Não estou a falar simplesmente da literatura “de compromisso”, mas de algo mais elementar: num momento de crise da objetividade e das verdades únicas, a literatura numa língua acossada pelo poder produz uma condição de subalternidade que é, em si própria criativa. É uma forma de “negritude”, de exclusão, como o foram o Black Power ou o movimento Queer. Também como eles, corre o risco de se acomodar e atraiçar as origens.

Que perspectiva tens sobre o estado da língua e a cultura galegas, e que conexões -reais ou potenciais- encontras com outros espaços culturais (nomeadamente a Lusofonia)?

As perspectivas sobre a língua e a cultura galegas podem ser focadas de diferentes pontos de vista. Visto que a língua tem sérios problemas de subsistência, tudo levaria a pensar num projeto “regional”, auto-centrado, que perderia energia num futuro imediato, visto que não responderia à vitalidade real do idioma em franca queda: um produto, portanto, fictício, mantido como ilusão. Acho que esse é um dos motivos que explicam a necessidade de escrevermos numa norma de galego internacional. A possibilidade de sermos compreendid@s e valorad@s além das fronteiras do estado implica uma dose de energia, de auto-estima. Não esqueçamos que as revistas literárias espanholas ou os suplementos culturais de jornais de grande impacto como El País ou ABC não incluem novidades editoriais escritas noutras línguas diferentes do espanhol. Se lá em Madrid não nos querem ver, é lógico dirigir o olhar a espaços mas amplos, a uma certa mestiçagem cultural. Aliás, escrever em galego internacional permite reencontrar-nos com usos linguísticos, com expressões tradicionais que simplesmente foram varridas do uso habitual pela convivência com o espanhol.

Quais são os teus referentes (num sentido amplo)?

Nem sei bem o que é um referente. Alguém que admiro talvez? Nesse caso, a lista seria enorme porque há infinidade de criador@s coerentes ou sugestiv@s e porque sou leitora voraz. Mas, às vezes, quando se nos pergunta pelos referentes, espera-se que digamos os nomes de autores que lemos com devoção, mesmo se não partilhemos estilo ou ideologia com eles. Se penso no que primeiro vêm à minha cabeça, devo dizer que adoro Foucault, mas também Alejandra Pizarnik ou Audur Ólafsdóttir. Não são parecidos nem remotamente, mas um é filósofo, outra poeta e a última narradora. Adoro também as novelas russas do XIX, as de Tolstói ou Dostoievsky, mas também Pepetela, ou Coetzee, que não têm nada a ver, ou uma punk como Virginie Despentes. Isso não significa que me tenham influenciado. E como toda leitora impenitente sempre espero que a seguinte obra seja o melhor que tenho lido.

Trabalhas no ensino universitário. Que opinas da sua situação? Para onde achas que deveria caminhar?

A universidade hoje é uma instituição caduca, afastada da realidade e presta a vender-se ao capital. Provavelmente foi sempre assim, um instrumento das elites para se perpetuarem, mas hoje vivemos péssimos momentos. A dificuldade maior consiste em transmitir o entusiasmo pelo conhecimento, essa janela que nos desloca além da realidade imediata, a um estudantado que está, logicamente, desiludido, que sabe que o seu futuro, incerto, passa por uma realidade laboral precarizada. A universidade deveria ser um espaço criativo, capaz de desenvolver mentes críticas, blindado contra a burocracia e as grisalhas reputações, um mecanismo que garantisse a possibilidade de se abrir passo o diálogo, a dialética, que associasse a ideia de prazer à conversação entretida, ao desfrute das ideias. O jardim de Epicuro. A receita machadiana de amor e pedagogia. As experiências de educação libertária. O extermínio do exame com o seu enfrentamento entre sucesso e fracasso. Algo disso.

Que perspetiva tens sobre o(s) feminismo(s)?

Os feminismos constituíram no último século uma força de enorme massa crítica. Nada das nossas vidas escapou à sua crítica e, nesse sentido, o pensamento e o ativismo feministas podem e devem ser reivindicados para além de militâncias particulares. Interessam-me especialmente as perspetivas da economia feminista e a valoração dos cuidados como modelo ético e anti-capitalista. Mas também acho fontes de inspiração em muitas das propostas artísticas, das Guerrilla Girls às Abramovic, Ana Mendieta ou Adrian Piper que relacionam o “feminino” com outras questões políticas, como a raça, a classe ou a pertença a minorias ideológicas ou sociais. O perigo, no caso dos feminismos, está em resistir ao risco de institucionalização –que torna a “igualdade” num paradigma necessário em vez de reivindicar o florescimento das diferenças– e, dentro do ativismo de rua, em resistir à prática das políticas de “olho por olho”, que acabam por culpabilizar todos os homens como cúmplices do patriarcado. Para resistir como movimento criativo e dinâmico, os feminismos

têm de continuar a ser subversivos, a alçar-se contra o poder, mas implicando os homens. Todo movimento político precisa ter aliados fora do seu círculo imediato e, neste caso, a necessidade incrementa-se porque o movimento em defesa das mulheres é um movimento com pulo ético, que os homens transformadores sabem aceitar.

Fala-nos da tua valoração sobre o decrescentismo...

Neste momento histórico parece evidente que temos trespassado os limites: não se pode crescer ilimitadamente num planeta finito. Os abusos do capitalismo, o consumismo que se instalou nas nossas vidas como uma fonte de satisfações efémeras só podem ser combatidos se decidimos coletivamente auto-controlar-nos e moderar os excessos contra a natureza. A meu ver, o decrescimento, assumido habitualmente como uma posição anarquista, com partidários que atuam individualmente e que não vão condicionar as decisões dos amos do mundo, é uma perspetiva imprescindível para complementar qualquer ideologia transformadora. Como se vem alertando nos últimos anos, esta perspetiva vai ser de obrigado cumprimento porque os recursos do planeta estão a esgotar-se mas acho que estaria preste a defender as vantagens do decrescimento além dessa realidade inapelável, como uma necessidade de completar os direitos de felicidade dos seres humanos com os direitos doutras espécies vivas e da natureza em geral. Só a propaganda religiosa pode defender a existência dum planeta ao serviço do ser humano. Se somos a espécie mais racional ou inteligente do planeta, devemos demonstrar essa “superioridade” comportando-nos como irmãos maiores que protegem outros seres indefesos, não como alguém que usurpa à natureza a sua riqueza para explorar e arrasar quanto encontra ao seu passo.

Como seria a tua Galiza Imaginária? Que partes dessa Galiza existem já, do teu ponto de vista?

Um território soberano e livre do dente do capital. Um país que fizesse bandeira da justiça social, a liberdade e a criatividade. Temos uma paisagem devastada, uma história contraditória e uma sociedade invadida pelo medo mas, no entanto, também temos muita gente com grande capacidade crítica –mesmo às vezes de mais–, organizada, por exemplo, em grupos que defendem a língua ou a cultura, que lutam cada dia por suste maneiras diferentes de ver a realidade. Na comparação imediata com outras sociedades, conseguimos manter no tempo diversos movimentos de resistência tendo tudo à contra.

Que projetos tens e quais gostarias de chegar a desenvolver?


Tenho uma lista imensa de projetos, artísticos, políticos e pessoais... Acho que sou do tipo de pessoa que iria a um bombardeamento com tal de evitar a rotina e o tédio. Se vivemos quatro dias temos que deixar-nos as unhas em que esses dias sejam plenos e mereçam ser lembrados, não? Por isso, para escapar da roda de moinho que nos engole e nos mutila, que nos deixa sem forças, há que inventar cada dia três ou quatro mil projetos. E, logicamente, com esta efervescência imprescindível, sou das que querem desenvolvê-los todos. Absolutamente!

A xeira das árbores
Teresa Moure



A xeira das árbores

En A xeira das árbores atopámonos cunha narradora-protagonista, solteira e nai de tres fillos, cada un dun pai diferente, que levanta acta, con grandes doses de humor e sen dramatismos, das dificultades que supoñen para unha muller nas súas circunstancias, sen apenas axudas de fóra, levar unha vida profesional e criar os seus fillos



Outro idioma é posible na procura dunha lingua para a humanidade

Este ensaio pretende chamar a atención sobre a imposición do inglés como “lingua universal”. Para a autora a única posición ética en materia lingüística é o compromiso coa lingua propia de cada comunidade e o respecto cara a todas as culturas do mundo. Dese xeito garántese a pervivencia das pequenas linguas do mundo, ameazadas pola uniformidade dominante.




Benquerida catástrofe

Adam Cairbough, coincidindo coas visitas frecuentes á consulta do doutor Castiñeira para tratar os seus problemas de pel, decide separarse de Eva, á muller que ama desde que chegou a Galiza. As vidas de Adam e Eva veranse sorprendidas por un cambio inesperado, que vai derrubar todo aquilo que xulgaban estábel, e definir quen é cadaquén.




Unha primavera para Aldara

Galicia, século XV, Revolta Irmandiña. Don Nuno, cabaleiro irmandiño ferido na batalla chega a un convento. As regras non permiten presenza masculina no mosteiro, porén Aldara, a abadesa decide poñer por diante a misericordia e acoller ao forasteiro. As posturas entre as monxas vernanse afrontadas e culminarán nunha traizón.



O natural é político

O natural é político non é un texto especializado. Un determinado modelo de desenvolvemento económico e os problemas globais do planeta (quecemento, cambio climático, contaminación) desatan unhas páxinas en que alterna o ensaio literario coas narracións, para provocar unha revolta contra o medioambientalismo eslamiado e o consumismo masivo.



A intervención

Un pianista retirado, unha dermatóloga, o fillo desta, estudante universitario, e mais unha das súas profesoras na facultade de Historia reúnen-se para constituíren un comando artístico. O seu obxectivo é levar a cabo unha performance un tanto particular, a medio camiño entre a creación estética e a toma de conciencia política



Políticamente incorrecta

Uma mulher é politicamente incorreta quando diz o que não se espera dela e, ainda mais, quando pronuncia uma verdade não admitida pela opinião pública, pelo felizmente acordado no consenso social



Eu violei o lobo feroz

Eu violei o Lobo Feroz é o primeiro libro de poemas de Teresa Moure. Uma singular Capuchinho Vermelho reconstrói e constrói a sua historia e identidade através de confissões quando é retida por terrorismo ecológico.



Ostracia

Inessa Armand “a amante de Lenine” participou activamente na cúpula bolchevique, fundou Sociedades feministas, dirixiu jornais, enfrentou-se às normas, e foi obrigada a exilar-se dois anos no Ártico. Ostrácia explora o territorio da exclusão, das margens, da dissidência política onde os “nossos” nos confinam por non luzirmos tão claros e obedientes como dantes.

Bibliotecas Municipais de A Coruña



<http://www.coruna.es/bibliotecas>

<p>Servizo Municipal de Bibliotecas de A Coruña Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184384 / Fax :981184385 smb@coruna.es</p>	
<p>Biblioteca Municipal Ágora Rúa Ágora s/n 15010, A Coruña Teléfono 981189886 bagora@coruna.es</p>	<p>Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil Rúa Durán Loriga 10-Bjº , 15030, A Coruña Teléfono 98184388 / fax 981184385 binfantil@coruna.es</p>
<p>Biblioteca Municipal Castrillón Praza de Pablo Iglesias s/n 15009 A Coruña Teléfono 981184390 / fax 98118439 bcastrillon@coruna.es</p>	<p>Biblioteca Municipal Monte Alto Praza de los Abuelos s/n 15002, A Coruña Teléfono 981184382 bmontealto@coruna.es</p>
<p>Biblioteca Municipal de Estudos Locais Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184386 / Fax :981184385 bestudiosl@coruna.es</p>	<p>Biblioteca Os Rosales Praza Elíptica 1-1º 15011 A Coruña Teléfono 981184389 brosales@coruna.es</p>
<p>Biblioteca Municipal Forum Metropolitano Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Teléfono 981184298 / fax :981184295 bforum@coruna.es</p>	<p>Biblioteca Municipal Sagrada Familia Rúa Antonio Pereira 1-Bj. 15007 A Coruña Teléfono 981184392 / Fax 981184393 bsagrada@coruna.es</p>

Síguenos en Twitter y Facebook



Teresa Moure

Club de lectura, Biblioteca Ágora